



## BASES DA 6ª BANDEIRA CONCELLO DE CEDEIRA DE TRAIÑEIRAS

O Concello de Cedeira organiza en colaboración co Club de Remo de Cedeira unha regata de traíñeiras da Liga B, o sábado 16 de xullo de 2022. A medición de tempos e regulamento da regata correspóndelle ao Club de Remo de Cedeira, como colaborador e farase conforme á Normativa de Competición da Liga Galega de Traíñeiras mentres que o Concello como organizador asume o reparto de premios, conforme ás seguintes cláusulas:

**PRIMEIRA.** Para participar e optar aos premios é imprescindible formar parte da Liga B de traíñeiras. Os/as participantes asumirán todas as responsabilidades do beneficiario/a do premio, incluídas as obrigas fiscais.

**SEGUNDA.** Os clubs da Liga B de traíñeiras son 7: CR Muros, CR Cedeira, CR Salgado-Perillo, CR Vila de Cangas, SD Samertolameu-Oversea B, Amegrove CR e CM Castropol.

**TERCEIRA.** Establécense os seguintes premios en base ao posto acadado:

| <i>Posto</i> | <i>Importe a percibir</i> |
|--------------|---------------------------|
| 1º           | 925,00 €                  |
| 2º           | 825,00 €                  |
| 3º           | 750,00 €                  |
| 4º           | 675,00 €                  |
| 5º           | 625,00 €                  |
| 6º           | 600,00 €                  |
| 7º           | 600,00 €                  |

**CUARTA.** A competición constará de dúas mangas. A primeira delas con tres traíñeiras e a segunda realizarase a continuación e participaran os catros clubs restantes. Os xuíces medirán os tempos feitos por cada unha das traíñeiras participantes e clasificaránas por postos do 1º ao 7º. Conforme á clasificación obtida percibirán o importe do premio indicado na cláusula anterior.

**QUINTA.** A entrega de premios terá lugar, unha vez remate a regata. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do Concello.

**SEXTA.** Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo, que se fará por transferencia bancaria, aportando certificado de conta bancaria a nome da persoa xurídica premiada (club) a partir do luns 1 de agosto, no rexistro do Concello de Cedeira ou por sede electrónica. Se pasado o día 30 de novembro de 2022 non se solicitou o premio entenderase que se renuncia ao cobro do mesmo.

**SÉTIMA.** Os presentes premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

**OITAVA.** A decisión dos xuíces será inapelable. Os xuíces da regata terán a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases. Entregarán copia da acta cos tempos das regatas ao Concello.

**NOVENA.** A participación na regata de traíñeiras supón a total e plena aceptación destas bases.